

## DOR FANTASMA

Eu tiña entón cinco anos, na mina Deuces Wild, en Montana. Cada poucos meses, antes de nevar, meu pai e eu escalabamos as montañas, seguindo as marcas que o vello Hancock tiña feito nas árbores alá pola década de 1890. Meu pai carregaba un saco de lona con café, polenta, carne desecada e outras cousas similares. Eu carregaba un feixe de exemplares atrasados do *Saturday Evening Posts*, durante boa parte do camiño polo menos. A cabana de Hancock ficaba na beira dun prado en forma de cráter, no cumio da montaña. Ceo azul encima e arredor dela. O can do vello chamábase Blue. No tellado crecía a herba, que caía como unha mata de pelo botada sobre a varanda onde eles bebían café e conversaban, examinando minerais, apertando os ollos detrás do fume do tabaco. Eu brincaba con Blue e coas cabras ou colaba follas do *Post* nas paredes da cabana, xa cobertas dunha grosa capa de xornais vellos. Dispostas uniformemente, unhas enriba das outras en rectángulos ben organizados, as follas de xornal revestían a pequena estancia. Aprisionado pola neve durante o longo inverno, Hancock lía as súas paredes, páxina por páxina. Cando encontraba o final dun artigo, tiña que imaxinar os antecedentes, ou procuraba outras partes nas páxinas arredor da cabana. Cando acababa de ler as paredes todas, pasaba días e días colando máis xornal e despois comezaba de novo. Eu non tiña ido co meu pai na primeira escalada daquela primavera, cando el encontrou morto ao vello. As cabras e o cachorro tamén, todos na súa cama. "Cando vai frío, boto outra cabra por enriba de min, e listo", acostumaba dicir.

"Imos, Lu, lévame até o cumio e déixame alí." Era o que o meu pai viña implorando que eu fixera cando eu o internei nunha residencia de anciás. Non

falaba doutra cousa nesa época, das minas nas que tiña traballado, das montañas. Idaho, Arizona, Colorado, Bolivia, Chile. Estaba comezando a perder a lucidez entón. Non se limitaba só a se lembrar deses lugares, pensaba realmente que estaba alá e naqueles tempos. Pensaba que eu aínda era pequena e falaba comigo como se eu tivese a idade que eu tiña cando vivíamos alí. Dicialles ás enfermeiras cousas como: "Lu sabe ler *Nosos axudantes camaradas* inteiriño e ela só ten catro anos". Ou "Axuda á señora a recoller os pratos, Lu. Moi ben, miña nena".

Eu leváballe café con leite todas as mañás. Afeitábao e o peiteábao, andaba con el para arriba e para abaixo polos corredores cheirentos. A maioría dos pacientes aínda estaba na cama, chamando, sacudindo as barras metálicas, pulsando os timbres. Anciás senís que se fan tocamentos. Despois de pasear ao meu pai, eu o amarraba na súa cadeira de rodas, para que non caese ao tentar fuxir. E eu facía iso tamén. Quero dicir que non finxía ou me limitaba a compracelo, senón que marchaba con el a calquer sitio. Á mina Trench nas montañas de Patagonia, en Arizona: eu tiña oito anos e estaba toda tinxida con violeta de xenciana por causa dunha micose. Á noitiña, todos nós íamos até o penedo para lanzar latas e queimar o lixo. Un cervo, un antílope ou até mesmo un puma, ás veces, chegaban perto de nós, sen medo dos nosos cans. As avenoiteiras planeaban diante da parede escarpada fronte a nós, aínda mais vermellas á luz do solpor.

Á única vez na que o meu pai dixo que me quería foi xusto antes de que eu voltara aos Estados Unidos para estudar na universidade. Estabamos nunha praia na Terra do Fogo. Un frío antártico. "Nós percorrímos este continente enteiro xuntos... As mesmas montañas, o mesmo océano, de enriba a abaixo." Eu nascín en Alaska, aínda que non me lembro diso. Na residencia emperrouse

en que eu tiña que lembrar ese tempo, entón acabei finxindo que coñecía Gabe Carter, que me lembraba de Nome, o oso que apareceu no campamento.

Ao principio preguntábame constantemente pola miña nai, onde estaba, cando ía a vir. Ou tamén pensaba que ela estaba alí, conversaba con ela, facíame darlle un bocado por cada un que comía el. Elexín darlle largas. Mamá estaba facendo a equipaxe, chegaría axiña. Cando el mellorase, todos nós íamos vivir xuntos nunha casa ben grande en Berkeley. El movía a cabeza afirmativamente, convencido, agás un día no que, virouse cara a min e dixo: "Estás mentindo descaradamente". E logo comezou a falar doutra cousa.

Un día matouna, sen máis. Cando eu cheguei, el estaba deitado na cama, chorando, encollidiño como un bebé. El me contou a historia como se estivese en choque, con detalles irrelevantes, como se fora a testemuña dun accidente horrible. Eles estaban nun barco de vapor no Mississippi; a miña nai estaba a xogar ao póker na coberta. Resulta que as persoas de cor agora tiñan permiso para xogar e Florida (a enfermeira do meu pai) tiña gañado todos os cartos, até o último centavo. A miña nai viña de apostar todo, todos os aforros que eles reuniran durante toda a súa vida, nunha última man de póker fechado de cinco cartas. As sotas de ouros e de espadas como comodíns.

"Eu debería ter desconfiado cando vin a aquela desvergonzada rindo sen parar cos seus dentes de ouro, contando todos os cartos", dixo o meu pai. "A John ela deulle polo menos uns catro mil."

"Cala a boca, pedante", cortouno John desde a cama do lado.

Sacou unha tableta Hershey que tiña escondida dentro da súa Biblia. John tiña prohibido comer doces; o día anterior eu leváralle ao meu pai esa tableta de chocolate. As lentes para ler do meu pai estaban parcialmente agochadas debaixo da almofada de John. Recupereinas. John comezou a laiar e berrar: "As

miñas pernas! Dóenme as miñas pernas!". El non tiña pernas. Era diabético e llas amputaran por enriba dos xeonllos.

No barco a vapor, meu pai estaba no bar con Bruce Sasse (un operador de sonda a diamante de Bisbee). Eles ouiran un tiro e, un bo tempo despois, o impacto dun corpo na auga.

"Eu non tiña cambio para a propina, e non quería deixar un dólar."

"Pedante e tacaño! É típico! Típico!", dixo John desde a súa cama.

Meu pai e Bruce Sasse saíran correndo polo barco e chegaran a estribor aínda a tempo de ver a miña nai boiando na auga. O sangue no ronsel do barco.

Meu pai só chorou por ela naquele día, mais pasou semanas falando do funeral. Millares de persoas tiñan ido ao enterro. Nengún dos meus fillos ía de traxe, pero eu estaba moi fermosa e fun solícita con todos. Viñeron Ed Titman, o embaixador americano no Peru, Domingo, o mordomo, tamén; e até Charlie Bloom, o vello sueco que vivía en Mullan, Idaho. Charlie me dixera unha vez que sempre lle botaba azúcre ás papas de avea. "E se non tes azúcre?" pregunteille para parecer intelixente. "Pois as tomo igual".

O día no que meu pai matou a miña nai foi tamén o día no que el deixou de me recoñecer. De aí en diante el pasou a dar ordes como se eu fose unha secretaria ou unha criada. Un día eu finalmente pregunteille por min. Eu tiña escapado. Sangue ruín, unha Moynihan igual que a miña nai e o tío John. Eu escapara unha tarde, sen avisar, xusto diante da residencia de anciáns, e fuxira por Ashby Avenue cun chicano inútil nun Buick. O tipo moreno con malas pintas que el describiu era, en verdade, o tipo de home que a min me atrae.

Nesa época, el comezou a desvariar a maior parte do tempo. As papeleiras tornábanse en cans que falaban, as sombras das follas das árbores nas

paredes convertíanse en soldados en formación, enfermeiras robustas agora eran espías travestidos. El non paraba de falar sobre Eddie e Little Joe; eu non tiña idea de ningún dos dous. Todas as noites eles vivían algunha aventura trepidante e tola a bordo dun destrutor nas costas de Nagasaki, en helicópteros que sobrevoaban Bolivia. O meu pai ría, relaxado e tranquilo, como eu nunca o tiña visto.

Cheguei a rezar para que el continuase así, pero pouco a pouco recuperou o raciocinio, mesmo "a orientadción no espacio e no tempo". Falaba moito de diñeiro. O diñeiro que el tiña gañado, o diñeiro que el tiña perdido, o diñeiro que el ía gañar. Entón comezou a considerar, quizáis, que eu era unha axente de bolsa, e parolaba sen parar sobre opcións e porcentaxes, enchendo de números a caixa de Kleenex. Marxes e opcións de compra, letras do Tesouro, accións, títulos, fusións. Acusaba amargamente á súa filla (a min) por ter asasinado á súa muller e por telo retido alí, só para robarlle os seus cartos. Florida era a única enfermeira negra do hospital que aínda coidaba del. Acusaba a todas elas de roubarlle, chamábaas *negra* ou puta. Usaba o ouriñal para chamar á policía. Florida e John tíñanlle roubado todo o seu diñeiro. John ignoraba ao meu pai, lendo súa Biblia ou simplemente deitado na cama, retorcéndose e berrando.

"Señor Xesús, fai que as miñas pernas paren de doer!".

"Cálmese, John", dille Florida. "Iso é só unha dor fantasma."

"É real?", pregunteille a ela.

Ela encolleu os ombreiros. "Toda dor é de verdade."

Meu pai falaba con Florida sobre min. Ela ría, chiscándome o ollo, concordando. "Ela non vale nada."

Enumeraba todas as maneiras nas que eu tiña sido unha decepción para el, desde os campionatos de ortografía até os meus casamentos fracasados.

"Iso está a che afectar moito", díxome Florida. "Xa deixaches de pasarlle o ferro ás súas camisas. Axiña vas deixar de vir aquí tamén."

Aínda así eu me sentía moi próxima a el. Nunca tiña visto o meu pai amosar rancor, intolerancia nin obsesión polos cartos. Aquel era o mesmo home que idolatraba a Thoreau, Jefferson e Thomas Paine. Eu non estaba desilusionada. O medo e a admiración reverente que eu acostumaba sentir por el estaban comezando a desaparecer.

Outra cousa que eu agradecía era que agora eu podía tocalo. Abrazalo e bañalo, cortarlle as unllas dos seus pes e collelo da súa man. Xa non prestaba moita atención a nada do que el dicía. Ficaba abrazada a el, ouindo a Florida e as outras enfermeiras cantar e rir, mentras *Days of Our Lives* soaba a todo volume no televisor do salón de recreo. Eu dáballo xelatina mentras escoitaba ler a John pasaxes do *Deuteronomio*. Nunca conseguín entender como tanta gente que apenas sabe ler, adica tanto tempo á Biblia. É difícil. Da mesma forma, causa a miña sorpresa que as costureiras do mundo enteiro consigan amañar unha manga ou unha cremalleira.

El comía na súa habitación e non se relacionaba cos outros pacientes. Eu si, ben para distraerme ou para non chorar. No taboleiro de anuncios había un cartaz ben grande que dicía: Hoxe é \_\_\_\_\_. O tempo hoxe está \_\_\_\_\_. A próxima comida é \_\_\_\_\_. O próximo festivo é \_\_\_\_\_. Durante dous meses ficou sendo un martes chuvioso antes do almorzo e da Pascoa, pero despois diso os hocos estaban en branco.

Unha voluntaria chamada Ada lía o xornal todas as mañás. Saltaba certas páxinas, evitando crimes e violencia. A maior parte dos días só podía ler novas

de accidentes de autobús en Paquistán, *Daniel o revoltoso* e o horóscopo. Furacáns en Galveston. (Eu tamén non consigo entender como as persoas aínda continúan a vivir en Galveston despois de todos eses anos). Agradecía ir, gozaba da compañía dos outros pacientes. A maioría era máis senil aínda que o meu pai, mas eles estaban contentos de verme, agarrábanse a min con dedos minúsculos. Todos eles recoñecíanme e cada un chamábame cun nome diferente.

Continúei a visitalo. Talvez por un sentimento de culpa, como Florida dicía, mas tamén con esperanza. Ficaba esperando que el me eloxiase, me perdoase. Por favor, papá, recoñéceme, di que me queres. Nunca o dixo, e agora só vou para afeitálo e levarlle pixamas ou doces. Xa non pode camiñar. Como se pon violento, leva posto día e noite un chaleco de forza.

A última vez na que estiven con el de verdade foi nunha merenda no lago Merritt. Dez pacientes foran, con Ada, Florida, Sam e eu. Sam é o celador. (Meu pai chamáballe *chimpancé*). Tardamos unha hora en subir co ascensor da furgoneta as cadeiras de rodas. Era o día seguinte ao *Memorial Day* e ía moita calor. Aínda nin tiñamos saído do lugar e a maioría deles xa estaban mexados; as ventanillas veladas pola condensación. Os velliños rían, entusiasmados, mas cheos de medo tamén, encolléndodose cando nos adiantaba calquer autobús, ambulancia ou motocicleta. Meu pai ía elegante co seu traxe de lino claro, aínda que axiña mollou a pecheira coa baba do Parkinson e unha mancha azul escura se espallou por unha das pernas abaixo.

Eu tiña imaxinado que merendaríamos debaixo das árbores, na marxe do lago, pero Ada mandounos dispor as cadeiras de rodas nun semicírculo virado para a rúa, perto do lago dos patos. Tamén imaxinei que os vagabundos borrachos marcharían, pero continuaron onde estaban, nos bancos fronte a

nós. Algúns dos pacientes uliron o cheiro a tabaco e pediron fumar. Un dos borrachos deulle un cigarro a John, pero Ada tirouno e esmagouno co pé. Os gases dos tubos de escape, as radios dos coches sen capota, os coches de chasis baixo e as motocicletas. O chan vibraba cando a xente que corría no parque se amontonaba ao chegar perto de nós, e tentaba esquivarnos. Comezamos a repartir a comida, dando de comer aos que non era quen de facelo sós. Ensalada de pataca e polo frito. Remolacha en conserva e refrescos *Ki-Suco*. Florida e eu démoslle comida aos catro borrachos que estaban nos bancos, e Ada enfureceuse. Aínda que había comida de sobra. Os xeados, derretidos, pingaban os babeiros. Lula e Mae limitáronse a aprastar os xeados, mezclando as cores nos seus regazos. Meu pai era moi pulcro para comer: sempre tiña sido meticuloso. Laveille os dedos un a un. Ten unhas mans preciosas. Non sei por que eles acostuman beliscar a roupa e as mantas. Este movemento compulsivo recibe o nome de "carfoloxía".

Despois de comer, unha muller moi corpulenta, co uniforme de garda-forestal, trouxo unha cría de mapache e deixou que a tocáramos. Era soave, tiña un cheiro doce e todo mundo quedou encantado, ou mellor, todo mundo ficou apaixonado polo animalíño, collendoo no colo e acariñándoo, pero Lula o apretou tanto que acabou rabuñándolle a cara. "Ten a rabia!", dixo o meu pai. "As miñas pernas!", reclamou John. O home deulle outro cigarro. Ada non o viu, porque estaba gardando as bandexas de comida na furgoneta. A garda forestal deixoulle o mapache aos borrachos. O bichiño obviamente xa os coñecía, pois se enroscou en volta do pescozo dun e de outro, calmo. Ada avisou que nós tiñamos vinte minutos para levar os pacientes para dar unha volta polo lago dos patos, ver as gaiolas dos paxaros e subir á colina para ver a vista do lago desde a cima.

Meu pai sempre tivo paixón polos paxaros. Estacionei a súa cadeira fronte as curuxas desgreñadas e fiquei falando sobre os distintos paxaros e animais que tiñamos visto. A cacatúa que parecía un porco espiño de pelo verde. O picapau de penacho vermello nun choupo branco. Unha *fregata magnificens* perto de Antofagasta. Papaleguas apareándose, maxestosos. Meu pai permaneceu sentado impasible, coa mirada perdida. As curuxas estaban durmindo ou estaban disecadas. Empurrei a cadeira de rodas para marchar de alí. Todos os demais parecían moi contentos, berraban e saudaban desde lonxe. John estaba a se divertir. Florida fixera amizade cun corredor, que lle tiña emprestado o seu reprodutor de música. Lula aguantaba o aparello e cantaba, mentras eles tirábanlle comida aos patos.

Era difícil empurrar a cadeira colina arriba. Pola calor e o barullo dos coches e as radios e a xente que non deixaba de pasar a correr. A bruma impedía contemplar a outra marxe. Lixo e desperdicios do *Memorial Day*. Vasos de papel boiaban entre a sucidade do lago pardento, serenos coma cisnes. Ao chegar arriba frenei a cadeira de rodas do meu pai e acendín un cigarro. Meu pai botouse a rir, un riso feo.

“Papá, é todo horrible, non?”

“Levas razón, Lu.”

El afrouxou os freos e a cadeira de rodas comezou a se deslizar polo camiño enlousado. Non reaccionei, quedei apampada mirando, pero entón tirei o cigarro e detiven a cadeira xusto cando estaba a piques de coller velocidade.

Lucia Berlin